


CURVAS CÓNICAS




Seccións cónicas nun hiperboloide



Elipse


A elipse é unha curva pechada e plana, e constitúe o lugar xeométrico dos puntos do plano na que a suma de distancias a dous puntos fixos chamados focos, F e F' , é constante e igual o seu eixe maior AB .

A elipse ten dous eixes de simetría, un maior AB , e outro menor, CD , perpendiculares entre si, que se cortan no seu punto medio, chamado centro da elipse, O .



Hipérbola


A hipérbola é unha curva aberta e plana, con dúas ramas, cuns puntos que constitúen un lugar xeométrico coa propiedade de que a diferenza das distancias de cada un dos seus puntos a outros dous fixos chamados focos, F e F' , é constante e igual ó seu eixe real AB .



Parábola

A parábola é unha curva aberta e plana, dunha soa rama, cuns puntos que constitúen un lugar xeométrico coa propiedade de que cada un deles equidista dunha recta fixa chamada **recta directriz, d** , e dun punto fixo chamado **foco, F** .


A parábola ten so un eixe de simetría que contén o foco F , e é perpendicular á recta directriz, d . O seu vértice, V está situado sobre o eixe de simetría, no punto medio da distancia entre o foco F e a directriz d .



Rectas tanxentes a un punto da curva

Circunferencia focal: E aquela que ten centro nos focos e radio AB ou $2a$. Na parábola e a directriz.

O lugar xeométrico de todos os centros de circunferencias que son tanxentes a circunferencia focal de centro F e pasan polo outro foco F' é a elipse, hipérbole e parábola.



Rectas tanxentes á curva por un punto exterior

Circunferencia focal: É aquela que ten centro nos focos e radio AB ou $2a$. Na parábola é a directriz.

Terase que ter en conta a circunferencia trazada con centro en **P** que pasa polo foco desde o que non se trazou a circunferencia focal.

